

Comisión de ámbito ou de área de		Ensinanzas Especiais, Ensinanzas de linguas de réxime especial	
Ficha de datos da actividade			
Nome (título da actividade)	Francés Básico I e II (nivel A1/A2 do Marco) Temporalización: 1º cuatrimestre (outubro de 2009 - febreiro de 2010)		
Área (seleccione unha)	Ensinanzas Especiais. Ensinanzas de linguas de réxime especial		
Destinatarios (segundo a descrición que se pode ver nas respectivas caixas da aplicación de xestión da formación)	Ensinanza, familia, ciclo, curso ou materia	Educación infantil, primaria, educación secundaria	
	Corpos	Educación infantil, primaria, educación secundaria	
	Especialidade	Todas, sen coñecemento previo.	
Modalidade (seleccione un tipo)	Curso	Prazas (con número)	20
Observacións ás prazas			
Criterios de selección	Os criterios xerais do plan anual de formación do profesorado		
Horas presenciais	Información: 58	Posta en común:	Avaliación: 2
Horas non presenciais (máx. 20 % do total)	Elaboración:	Posta en práctica: 0	
Obxectivo 1º	Aprender a empregar a lingua de xeito interactivo, receptivo, produtivo, eficaz, e -sobre todo - sinxelo. Aprenderemos a comprender e a producir textos breves e sinxelos -orais ou escritos- relacionados cos asuntos cotiáns.		
Obxectivo 2º	Comprender e producir textos orais ou escritos sobre temas xerais ou de interese persoal cun dominio razoable dun repertorio básico de recursos lingüísticos sinxelos, nunha variedade formal e informal de lingua estándar.		

<p>Obxectivo 3º</p>	<p><u>Comprensión oral (<i>compréhension orale</i>)</u> Comprender fórmulas básicas de contacto social e comprender o esencial en conversas sobre temas frecuentes que se refiren ao ámbito persoal (familia, traballo...), sempre que se fale con lentitude, articulando axeitadamente os sons, e que se poidan pedir aclaracións e repeticións. Aprender tamén a utilizar estratexias que faciliten a comprensión.</p> <p><u>Expresión e interacción oral (<i>expression et interaction orale</i>)</u> Establecer contactos sociais moi breves utilizando saúdos, despedidas, agradecementos, desculpas e outras fórmulas de cortesía de estrutura moi sinxela; presentarse e intercambiar información sobre si mesmo ou sobre outra persoa; facer invitacións e propostas e reaccionar adecuadamente ante elas; facer compras sinxelas; falar de experiencias persoais e de actividades cotiás; expresar de forma sinxela gustos, preferencias e intereses.</p> <p><u>Comprensión de lectura (<i>compréhension écrite</i>)</u> Comprender textos que inclúan información persoal básica propia e doutras persoas; comprender instrucións breves e sinxelas (indicacións e información básica en letreiros e carteis nas rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos e lugares públicos); comprender notas persoais e mensaxes breves que conteñan informacións, instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá; comprender correspondencia persoal moi breve e sinxela.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita (<i>expression et interaction écrite</i>)</u> Completar un cuestionario, formulario ou impreso; tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información transmitida oralmente; escribir anuncios sinxelos, notas ou mensaxes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás; escribir correspondencia persoal moi breve e sinxela.</p>
<p>Contidos</p>	<p><u>Contidos de competencia sociocultural</u> Dado que as actividades comunicativas se integran dentro dun contexto sociocultural, as alumnas e os alumnos deben adquirir un coñecemento da sociedade, da mentalidade e da cultura dos países e territorios en que se fala o idioma obxecto de estudo. Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as convencións sociais, o “estilo de vida”, os servizos públicos e as relacións persoais.</p> <p><u>Contidos léxico-semánticos</u> Sempre de acordo co nivel, formarán parte do curso as seguintes áreas temáticas: a identificación persoal; a vivenda, o fogar e a contorna; as actividades da vida diaria; o tempo libre e o ocio; as viaxes e o transporte; as relacións humanas e sociais; a saúde e os coidados físicos; a educación; as compras e as actividades comerciais; a alimentación.</p>
<p>Observacións e informacións adicionais</p>	<p>Material bibliográfico, fotocopias, material audiovisual, material funxible, e outros que poida prover o CFR.</p> <p>Impartirase na Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.</p>